


PROXECTO ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN. 4º ESO



CPI PROGRESO

CATOIRA

PROXECTO ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN. 4º ESO

ÍNDICE	
0 -Índice	Páxina 0
1 -Xustificación	Páxina 3
2 -Destino	Páxina 5
3 -Obxectivo	Páxina 6
4 -Organización	Páxina 7
5 -Cafetería	Páxina 11

1 XUSTIFICACIÓN.

A excursión de 4º da ESO merece unha organización especial dado o seu carácter dinamizador, solidario, educativo e competente para o alumnado. Pretendemos levar a cabo un programa innovador que implique dunha maneira máis activa tanto ao alumnado como ás súas familias.

A elaboración deste innovador proxecto é froito dunha reflexión das experiencias pasadas doutros anos. Mediante unha serie de preguntas e respostas trataremos de explicar e xustificar brevemente as novas que conleva este proxecto.

¿Por qué se vai traballar en grupos?

Búscase o traballo cooperativo e solidario ante o traballo e modelo competitivo e individual. O sistema educativo salienta o aprendizaxe cooperativo coma a metodoloxía máis acorde coa sociedade actual e coas necesidades que solicita o mundo laboral. Esta organización do alumnado é unha das características máis salientables deste proxecto. Ven xustificada porque pretendemos o seguinte.

- Que o alumnado teña a oportunidade de desempeñar un cargo.
- Que o alumnado teña a oportunidade de adquirir responsabilidades.
- Que o alumnado teña a oportunidade de aprender a organizar o traballo dentro do seu equipo.
- Que o alumnado teña a oportunidade de aprender a axudarse entre eles e elas.
- Que o alumnado teña a oportunidade de potenciar un aprendizaxe entre iguais.
- Que o alumnado teña a oportunidade de aprender a traballar de forma máis autónoma.

¿ Por qué os beneficios dos grupos van para un fondo común?

Todas as vendas que realiza o alumnado con obxecto de recadar fondos para a excursión, fanse en nome do centro. Polo tanto, trátase de diñeiro do centro e, como tal, formará parte dun fondo común e solidario que irá destinado para cumprir un único e posible obxectivo: **TODO O ALUMNADO TEN QUE IR DE EXCURSIÓN.**

Ao igual que a organización grupal do alumnado, este aspecto económico tamén será bandeira deste proxecto. Esta aposta ven avalada polas seguintes xustificacións:

- No curso 2016-17, último ano no que se traballou de maneira individual, a suma dos beneficios individuais chegaría para o pagamento dos gastos da excursión de todo o grupo, incluíndo a estancia.
- Evitar os continuos conflitos das zonas de venta.
- Fomentar a venta ao persoal do centro. Nos cursos pasados, estaba sendo moi escasa porque non contribuían ao beneficio particular.
- Ligar o traballo grupal e individual ao obxectivo común e principal da organización.
- A poboación de Catoira, principal destino das vendas, beneficiarase desta medida.. Sendo coñecedora de que a súa compra vai para un fondo común e solidario poderá mercarlle a calquera alumno/a, evitando así, compromisos e situacións incómodas.

¿ Por qué delegamos no alumnado e nas súas familias ou titores legais diversas funcións que ata agora eran realizadas polo equipo directivo?

Estas funcións sinxelas, coma o ingreso do diñeiro no banco, a organización do campionato de fútbol sala, a descrición e xustificantes dos pagos, etc. poden ser realizadas perfectamente polo alumnado en colaboración coas súas respectivas familias ou titores legais. Os motivos principais desta delegación de funcións son a implicación directa co desenvolvemento das competencias clave que marca a Lei Educativa e o fomento da autonomía e a responsabilidade do alumnado. Así mesmo, a delegación desta función, ademais de reducir a carga de traballo e tempo que deposita o equipo organizador da excursión, evitará posibles problemas que pode causar o feito de que alumnado veña ao centro con grandes cantidades de diñeiro.

¿Por qué pretendemos relacionar a organización da excursión coas actuacións do Contrato programa?

O noso centro, o CPI PROGRESO de Catoira, a través da incorporación deste proxecto no contratos-programa, pretende potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave e as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias, así como a mellora da convivencia no centro, a prevención das desigualdades entre o alumnado e o logro da excelencia educativa..

¿Por qué relacionamos esta proxecto co traballo das competencia claves que marca a actual Lei Educativa?

O desenvolvemento deste proxecto axuda e compromete ao alumando nun aprendizaxe práctico e útil a través da involucración das seguintes competencias claves:

- COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: **CCL**
- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA: **CMCCT**
- COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER: **CAA**
- COMPETENCIA DIXITAL: **CD**
- COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA: **CSC**
- COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDOR: **CSIEE**
- COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI: **CCEC**

2 DESTINO

Os destinos da excursión de 4º da ESO son os seguintes:

- Destino internacional: **Roma.**
- Destino nacional: **Andalucía, Toledo, Salamanca e Cáceres.**

Estes destinos foron propostos pola CCP e aprobados polo Claustro de Profesores e Consello Escolar nas súas respectivas reunións celebradas ámbalas o día 1 de febreiro de 2016.

3 OBXECTIVO

- **Obxectivo principal e común** dos grupos: Todo o alumnado de 4º da ESO ten que ir de excursión, independentemente da súa situación económica ou calquera outra.
- **Obxectivo específico** de grupo: Cada grupo terá unha serie de obxectivos particulares que serán propostos polos seus membros. Estes poderán ser os seguintes:
 1. Chegar a uns beneficios económicos mínimos acadados ao principio de curso.
 2. Organizar e exercer as funcións acadadas da cafetería no mes que lle corresponda.
 3. Traballar en grupo, acorde coas normas acadadas a principios de curso.
 4. Respetar o traballo dos demais grupos.
 5. Colaboar e axudar aos demais grupos.

4 ORGANIZACIÓN.

4.1 ALUMNADO.

- O alumnado organizarase en grupos de 4 ou 5, mantendo a estrutura propia do aprendizaxe cooperativo. Cada grupo terá o seu caderno (*)
- Cada membro do grupo terá unha función:
 - **Portavoz:** Encargarase da comunicación co equipo de organización da **excursión.**
 - **Secretario:** Encargado das contas
 - **Coordinador:** Sabe o que ten que facer o grupo e cada membro.
 - **Axudante:** Axuda a todos os membros.
- Todos os grupos traballarán como unha pequena empresa familiar:
 - Os seus traballadores (alumnado) serán os comerciais da empresa que traballarán todos eles por un fin común e público pero nunca privado.
 - Estes comerciais agruparanse en delegacións (grupo) que traballarán todas elas nun mesmo sentido tratando de ampliar o fondo económico da súa empresa.
 - O lema da empresa podería ser o seguinte: " Tod@s para un/unha e un/unha para tod@s".

4.2 APARTADO ECONÓMICO.

4.2.1 Ventas.

Os grupos tratarán de recadar fondos a través das seguintes **modalidades de ventas:**

- Lotería de Nadal.
- Produtos do catálogo LA FLOR DE LA ESTEPA.
- Produtos do catálogo IBS.
- Produtos de catálogo CASAL COTÓN.
- Colonias e ambientadores
- Rosquillas
- Velas e flores para o día dos defuntos.
- Plantas de Nadal.
- Rifas do antroido.

- Rifas do agasallo de LA FLOR DE LA ESTEPA.
 - Croissants.(Se algún membro dun grupo non vai a vender, ten que poñer unha cantidade estimulada entre todos ao principio de curso.)
 - Quesos da quejería de Cuntis.
 - Doces nos festivais escolares do Nadal e Antroido.
 - Doces nos actos festivos do concello e a ANPA.
 - Sorteo de cestas donadas polos provedores nos bares de Catoira.
 - Organización e xestión da cafetería.
 - Donativos das Comunidades de Montes.
 - Colaboración do concello para o transporte de ida/volta ao aeroporto.
 - Calquera outra modalidade que resulte de interese.
-
- **Zonas de venta.** Cada grupo traballará nas zonas que lle resulte máis cómodo ou onde crea que lle pode ser máis rentable. Ao tratarse dun traballo común colectivo, solidario e compartido non haberá os problemas de solapamento.
 - As **ventas** realizadas ao **profesorado** poderán ser feitas por calquera grupo e non terán que ser rexistradas noutra apartado. Convertiranse nunha venta máis do grupo que a realiza.
 - Nalgunhas partidas (rifas, plantas, velas, rosquillas, etc), haberá que poñer un mínimo de venta.

4.2.2 Ingresos e pagos.

Os grupos encargaranse de ingresar no banco o diñeiro obtido das súas ventas. Farano da seguinte maneira:

- Ingreso na conta bancaria da ANPA destinada á excursión de 4º da ESO.
- No momento do ingreso, é necesario poñer o nome do pagador. Este ten que ser unha persoa maior de 18 anos. (Non supón relacion algunha com facenda).
- No xustificante do banco, escribirase o nome do grupo que fai o ingreso, o provedor da venta e o número ou data do albarán.
- Entregará o xustificante bancario grampado xunto co seu albarán correspondente ao equipo organizador da excursión. Este entregáralle un recibí.

- No caso de pedidos que non teña albarán onde se especifique as cantidades de coste, de venta e beneficios, entregarase a táboa do pedido correspondente onde se indican ditas cantidades.

O equipo organizador da excursión encargárase de pagar aos provedores a cantidade do coste do pedido e rexistrar os beneficios correspondentes.

4.2.3 Reparto do diñeiro.

- Todo o diñeiro obtido como beneficio da venta dos distintos irá para un fondo común que será repartido de maneira equitativa entre todo o alumnado que vai de excursión.
- Todo o alumnado terá o dereito de recibir a súa parte correspondente deste fondo común, excepto que o seu comportamento e rendemento ou o do seu grupo non cumpra os mínimos pactados entre todos os participantes. Estes indicadores, pactados ao inicio do curso, poderán ser os seguintes:
 1. Realización do traballo na cafetería.
 2. Chegar a unha recadación mínima grupal, estipulada entre a organización.
 3. Calquera outra que non se acorde coa ética e boas maneiras dun traballo común e solidario.
- Ao principio de curso estableceranse uns mínimos esixibles e necesarios para cada grupo. Estes mínimos irán ligados aos obxectivos particulares de cada grupo.
- **No caso que un/unha alumno/a dese de baixa da organización ou non vaia de excursión, non se lle entregará a súa parte económica correspondente.**
- **No caso de cancelación da excursión as ganancias obtidas serán entregadas en forma de vales pero nunca se dará o diñeiro en efectivo. O destino dos vales acordarase no Consello Escolar. Estes vales só serán para o alumnado que participou neste proxecto ao longo de todo o curso escolar. Nunca se dará ao alumnado que abandona este proxecto ao longo do curso escolar.**

4.3 COLABORACIÓN DA ANPA.

Para participar no proxecto de organización para a excursión de fin de 4º da ESO é condición indispensable facerse socio da ANPA nos primeiros días do curso escolar. A data límite será o 20 de setembro

A colaboración da ANPA achégase coma ANEXO a este proxecto.

4.4 COMUNICACIÓN.

A comunicación entre o equipo de organización e o alumnado e as súas familias/titores legais farase da seguinte maneira:

- Haberá dous días á semana para que os equipos podan entregar os xustificantes de ingreso.
- Reunións puntuais coas familias e titores legais do alumnado.
- Correo electrónico. Utilizarase o email do centro (gmail) para informar e resolver dúbidas.
- Reunións semanais nun recreo cos portavoces dos grupos.
- Reunións mensuais nun recreo con todos os membros dos grupos.
- Circular ás familias e titores legais de todo o alumnado do centro explicando a organización da excursión.

4.5 TEMPORALIZACIÓN.

A actividade de recadación de fondos en nome do centro para a excursión rematará co peche do curso escolar. Inda que o alumnado vaia de excursión en marzo ou abril, este terá que seguir traballando na cafetería ata fin de curso. A nosa intención é que a excursión sempre sexa en xuño.

No caso que a recadación total cubra as viaxes e gastos persoais (+- 250€) de cada alumno/a, pararase dita actividade, excepto a cafetería.

Unha vez que o alumnado chegue a esa cifra de beneficios, todos os grupos terán que seguir encargándose da cafetería ata o último día do curso. É dicir, terá que seguir cumprindo as todas as súas obrigas en relación á cafetería (leite, café, biscoitos, etc.)

5 AVALIACIÓN

Este proxecto avaliarase tanto durante coma ao final do se seu desenvolvemento. Para iso utilizarase os seguintes indicadores.

Durante o desenvolvemento:

- Reunións semanais cos portavoces de cada grupo co fin de aclarar e solucionar os problemas que vaian xurdindo.
- Diario de sesións mensuais (*) nos que se rexistrarán os aspectos positivos e negativos.

Final do desenvolvemento:

- Balance económico común. Calcularase a cantidade que lle corresponde a cada alumno/a. evidentemente se terá en conta o número de alumnos/as participantes neste proxecto.

6 COMPROMISO

Todos os participantes máis as súas familias e titores legais asinarán un contrato (achégase coma ANEXO) co Centro no que se comprometen a cumprir as normas que rexen este proxecto

Este documento foi aprobado polo Claustro de Profesores e Consello Escolar celebrados o día 29 de xuño de 2022.

A primeira modificación deste documento foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar celebrados o día 6 de setembro de 2021

A segunda modificación deste documento foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar celebrados o día 2 de setembro de 2022

En Catoira, a 12 de setembro de 2022.

Asdo.) Fernando San Martín Zamácola

Director



Olalla Otero Payno

Secretaria

ANEXOS ACHEGADOS A ESTE DOCUMENTO.

- **CARTA DE XUSTIFICACIÓN PARA AS VENTAS DO ALUMNADO.**
- **COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DO PROXECTO.**
- **ORGANIZACIÓN DA CAFETERÍA.**
- **COLABORACIÓN COA ANPA.**



CONTRATO DE PARTICIPACIÓN NA EXCURSIÓN DE 4º DA ESO

**Á ATENCIÓN DAS FAMILIAS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO QUE VAI A
EXCURSIÓN DE 4º DA ESO**

DON/A _____,

CON DNI _____, PAI/NAI/TITOR/A LEGAL DO/A ALUMNO/A

O

ALUMNO/A _____

COMPROMÉTESE A CUMPRIR AS NORMAS QUE REXEN O PROXECTO DE
ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN PARA O CURSO 2022-23

En Catoira, a ___ de _____ do 2022

Asdo,

A NAI/ PAI /TITOR/A LEGAL

Asdo,

A/O ALUMNA/O



CARTA DE XUSTIFICACIÓN PARA AS VENTAS DO ALUMNADO.

Don Fernando San Martín Zamácola, Director do CPI Progreso de Catoira,
en relación sobre a organización da excursión de fin de curso para 4º da ESO

INFORMA :

1. A excursión de fin de curso para 4º da ESO consistirá nunha viaxe a Roma de 6 días.
 - Ao longo do curso 2022-23 o alumnado de 4º da ESO do CPI PROGRESO de Catoira venderá diferentes produtos coa finalidade de recadar cartos para pagar os gastos da viaxe.
 - Todas as vendas que se fan co obxecto de recadar fondos para a excursión, fanse en nome do centro e, polo tanto, só poden ter un único obxectivo: **TODO O ALUMNADO TEN QUE IR DE EXCURSIÓN**
 - Todo o diñeiro obtido das vendas dos distintos produtos feitas polo alumnado irá para un fondo común, que será repartido de maneira equitativa entre todo o alumnado que vai de excursión. Non haberá ganancias particulares.

En Catoira, a de setembro de 2022



ORGANIZACIÓN DA CAFETERÍA.

A cafetería funcionará da seguinte maneira.

ORGANIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DA CAFETERÍA

A cafetería estará organizada polo alumnado de 4º da ESO que irá de excursión co fin de recaudar diñeiro para pagar a viaxe. Para iso, faranse turnos mensuais cos grupos de alumnos/as organizados para a excursión.

Estes turnos terán as **siguientes funcións** ao longo de cada mes:

Á entrada do Centro, todos os días:

- Facer café de cafetera(10 tazas) e deixar preparada a cafetera de cápsulas.
- Deixar no caixón correspondente todo o menaxe que hai a secar no escurridor que está ao lado do fregadero.
- Levantar as persianas.

Nos dous recreos, todos os días:

- Revisar que haxa café na cafetera. De non habelo, facer sobre 5 tazas no primeiro recreo. (Os luns, facer 8-10 tazas).
- Ir á cociña a por 4-5 pezas de froita (inda que haxa froita no froitero).

Á saída do Centro, todos os días:

- Limpar a cociña
- Limpar e ordenar as cadeiras e mesas da cafetería.
- Deixar limpa a cafetera de filtro e a de cápsulas.
- Verter o café sobrannte nun tarro de cristal
- Fixarse se hai suficiente café e leite no caixón. No caso contrario. é necesario que avisedes ao equipo directivo.
- Revisar o lixo por se houbera que cambiar as bolsas.
- Baixar as persianas.

A maiores toca facer o seguinte:

- Facer catro **biscoitos** ao longo da semana (L-X)
- **Barrer** o chan da cafetería o último día de semana
- Cambiar as **bolsas do lixo** o último día da semana.
- Os luns, levar o escurridor á cociña para que pase polo lavalouzas e cambiar os panos.
- **Cambiar os carteis da cafetería** onde se anota o profesorado **o último día de cada mes.**
- **Cobrar ao profesorado** os cafés e demais produtos que consumiron na cafetería nos **5 primeiros días do mes seguinte**



Por outro lado, todo o alumnado de 4º da ESO, terá as seguintes obrigas:

- **Ao principio do curso**, cada participante terá que traer unha **caixa de cápsulas** de café DOLCE GUSTO. O tipo de café acordarase a principios de curso. A entrega farase por grupo. É probable que esta entrega teña que repetirse á metade do curso.
- **A principio de cada mes** cada participante terá que traer un **cartón de leite**. O tipo de leite acordarase ao principio de curso. A entrega farase por grupo.
- **Ao principio de cada trimestre**, cada un dos participantes terá que entregara un **paquete de café molido natural**. A entrega farase por grupo.
- **Ao principio do curso**, cada participante terá que traer 1kg de sucre A entrega farase por grupo.

FARASE UNHA TÁBOA PARA O REXISTRO DA ENTREGA. CADA GRUPO TERÁ QUE TRAELO DE MANEIRA CONXUNTA. (Non vale de maneira individual)

ANEXO COLABORACIÓN ANPA EXCURSIÓN DE 4º ESO

El centro solicita a Anpa As Lombas su colaboración en el Proyecto de recaudación de fondos para la excursión de 4º ESO, concretamente para la gestión económica de la misma.

Después de realizar consultas legales y fiscales acordamos participar en el proyecto, responsabilizándonos de la gestión económica. Para que esto se haga de forma legal y dando el mayor respaldo posible a todas las partes implicadas, referimos estas condiciones:

1. Podemos participar en la gestión de la excursión al enmarcarla como una actividad cultural, función reflejada en los estatutos.
2. Los ingresos percibidos para este fin quedan justificados según el artículo 43 de los estatutos.
3. El ejercicio del curso finaliza el 30 de junio, por lo que a partir de ese día la Anpa queda desvinculada de cualquier actividad económica referida a esta excursión. La mayoría de los socios/as que participan de esta actividad dejan de ser alumnos/alumnas del CPI Progreso a esa fecha, por lo que esta Anpa no podrá responder por ellos ante ningún concepto (a excepción del seguro escolar que se mantiene hasta septiembre).
4. Al derivar funciones a esta Anpa debemos diferenciar entre:
 - a. La excursión, la salida a Roma con toda la organización que conlleva es gestionada por el Centro educativo.
 - b. El proyecto de recaudación de fondos para sufragar la excursión en sí:
 - i. El Anpa solo participa en este último punto.
 - ii. Este proyecto sigue estando dentro de la programación del centro como una actividad propia. El centro continúa con la parte organizativa y la Anpa se responsabiliza de la parte económica.
5. Para poder gestionar esta recaudación de fondos de una forma legal es necesario crear una **Comisión de Gestión Económica** de la Excursión de 4º ESO. Esta Comisión estará formada por:
 - a. Tesorera del Anpa, con funciones de secretaria.
 - b. Tutores de los socios y socias que participan en la recaudación
 - c. Socio/a colaborador del centro (responsable de la parte organizativa)
6. El fin único de esta Comisión es la recaudación de fondos para sufragar los gastos de la excursión. Esos fondos serán destinados únicamente a tal objeto. Si por cualquier circunstancia, no se realiza la excursión, nos remitimos al PROYECTO DE EXCURSIÓN, del Centro Escolar, firmado anteriormente.
7. Esta comisión es necesaria para que la Anpa pueda tener una contabilidad separada para esta actividad. Y para poder tomar decisiones sobre lo recaudado de forma democrática, ya que ahora este dinero pertenece a la Comisión. Todas las decisiones económicas se debatirán y votarán en asamblea, quedando reflejadas en las actas de cada reunión.

8. En cuanto a los gastos extraordinarios que esta actividad genere, la Anpa sufragará el coste de gestión, entendiéndose que se cubre con las cuotas de socios y socias de los participantes. El resto de gastos como comisión de transferencias, iva, irpf,... etc. serán cargados como un gasto más a los beneficios recaudados.
9. La Anpa se involucra en este proyecto creado por el centro para que todos los alumnos y alumnas que lo deseen puedan disfrutar de la excursión sin que esto suponga un esfuerzo económico para las familias, como queda reflejado en el PROYECTO DE EXCURSIÓN. Esta ayuda se materializa en la creación de una Comisión de Gestión que recaudará y finalmente repartirá los fondos entre sus miembros.
10. **Esta Comisión solo podrá estar formada por socios/as o tutores de socios/as**, ya que es un órgano creado dentro de la propia asociación para un fin concreto.
Para ser socios/as tienen que darse de alta en la ANPA y aportar ficha de inscripción y cuota correspondiente. Solo de este modo la ANPA, pueden gestionar los datos según la ley de protección de Datos de Carácter Personal, Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, para que sus datos personales se encuentren incluidos en el fichero del que se hace responsable la ANPA As Lombas. Donde puede ejercer sus derechos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en cualquier momento.
11. En los estatutos se recoge la figura de socio de honor, que es una persona que colabora con la asociación pero es ajena a ella, por lo que no tiene ni voz ni voto. De hecho, el representante del centro entra en la Comisión a través de esta figura. Los tutores de los alumnos y alumnas que **no sean socios/as** también pueden entrar a colaborar a través de la misma figura, pero en las mismas condiciones: sin voz ni voto en las decisiones, **ni participación en el reparto de fondos**.
12. Si esta experiencia es satisfactoria para todas las partes implicadas, esta Comisión de Gestión Económica de la excursión de 4º ESO, se mantendrá a lo largo de los cursos sucesivos para dar continuidad a la actividad.

Queremos aclarar que los puntos arriba mencionados no son decisiones tomadas por los miembros de la Asociación, son condiciones legales necesarias para poder realizar esta actividad con la mayor garantía posible para todas las partes implicadas.

Esta es nuestra propuesta para dar continuidad a la excursión, si algunas de las partes no está de acuerdo con este método, son libres de buscar otras opciones y la Anpa queda desvinculada de esta actividad.



ANPA AS LOMBAS

En Catoira a 5 de Noviembre de 2021